



BANDO

Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa do Concello de Vimianzo.

FAI SABER:

Á VECIÑANZA, que debido a situación derivada da evolución do COVID-19 (CORONAVIRUS), o Concello de Vimianzo, seguindo as recomendacións das autoridades sanitarias autonómicas vai adoptar as seguintes medidas preventivas co fin de contribuír a contención e frear a propagación do coronavirus entre a poboación:

1º) **SUSPÉNDESE** o mercado semanal de Vimianzo, ata novo aviso segundo a evolución dos acontecementos e recomendacións das autoridades pertinentes.

2º) **APRÁZANSE** as actividades culturais programadas dende o concello, ata novo aviso segundo a evolución dos acontecementos e recomendacións autoridades pertinentes.

3º) **LÉMBRASE** que sigue vixente a suspensión temporal das autorizacións de uso das escolas e locais municipais nas que se celebran encontros sociais lúdicos.

4º) **RECOMÉNDASE** que os trámites derivados de procedementos nos que esta administración sexa actuante, se leven a cabo de forma telemática, do seguinte xeito, sen prexuízo de que as oficinas municipais permanecerán abertas:

Os trámites telemáticos a través da sede electrónica do Concello: <https://sede.vimianzo.gal> e as consultas: no correo electrónico: correo@vimianzo.gal ou nos seguintes teléfonos: 981716001 (Dependencias municipais), 617484852 (Policía Local) ou 696427492 (Alcaldía).

5º) **LÉMBRASE:**

- Seguir as instrucións ditadas polas autoridades sanitarias, en canto as medidas de prevención, aforos e contaxio.
- Evitar viaxes e desprazamentos que non se consideren imprescindibles.
- Estremar as medidas de hixiene segundo as recomendacións sanitarias (especialmente o uso de mascarillas, a hixiene de máns e o distanciamento social).
- Recoméndase non ir aos parques infantís e zonas de ocio compartido.
- Respectar os aforos e tempos para a visita aos cemiterios.
- O teléfono de servizos sociais 604034557 a disposición de toda a veciñanza.

O Concello de Vimianzo, solicita e agradece á veciñanza a máxima colaboración adoptando as medidas precisas para evitar a propagación do coronavirus.

A alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)